

**PRESENTACIÓN DA ASIGNATURA**  
**CURSO 22/23**

**I.E.S.**  
**M. de Sargadelos**

**MATERIA:** Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas

**CURSO:** 4º ESO

**PROFESOR/A:**

**CONTIDOS:**

Os bloques de contidos que se abordan en Matemáticas son os seguintes:

Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas.

Bloque 2. Números e Álgebra.

Bloque 3. Xeometría.

Bloque 4. Funcións.

Bloque 5. Estatística e probabilidade

Repartidos nas seguintes unidades e na seguinte orde:

1. Números reais. Porcentaxes..

2. Potencias e radicais. Logaritmos.

3. Polinomios e fraccións alxébricas.

4. Ecuacións e inecuacións.

5. Sistemas de ecuacións.

6. Trigonometría

7. Vectores e rectas.

8. Funcións.

9. Funcións elementais.

11. Combinatoria. Probabilidade.

10. Estatística.

**OBXECTIVOS:**

**OBXECTIVOS:**

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

**METODOLOXÍA:**

- Ó principio de cada unidade didáctica farase unha introducción á mesma repasando os conceptos previos que se precisen e

realizando actividades de repaso cando se considere necesario.

- No desenrolo da unidade irase alternando a adquisición de novos coñecementos coa realización de exercicios e problemas relacionados cos mesmos. Para a adquisición de novos coñecementos pódense combinar varios métodos, como poden ser: explicación directa, consulta do libro de texto por parte do alumno, aprendizaxe por descubrimento, etc.
- Ó final da unidade faranse actividades mesturadas de toda a unidade, para que o alumno consolide e comprobe os coñecementos acadados.
- O profesor garantirá que os alumnos coñecerán a resolución correcta de todas as actividades propostas, e que poderán aclarar calquera dúbida relacionada con elas.

## SISTEMA DE AVALIACIÓN

A cualificación de cada alumno en cada avaliación obterase a partir dos seguintes aspectos recollidos no caderno do profesor:

- **NOTAS DAS PROBAS ESCRITAS.** Cada trimestre realizaranse como mínimo dous exames escritos. De todos eles calcularase a nota media.
- **NOTAS DE CLASE**
  - **ACTIVIDADES.** As actividades realizadas na clase (corrección de exercicios no taboleiro, recollida de exercicios, etc.)
  - **ACTITUDE.** As chamadas de atención por cuestións actitudinais consignaranse no caderno do profesor

A **nota de avaliación** calcularase do seguinte xeito:

- 80% da nota media das probas escritas.
- 20% das notas de clase. E calcularase a media das notas anteriores.

**Para a nota de boletín**, como debe de ser un número enteiro, aplicarase o redondeo agás no caso de que a nota estea no intervalo  $[4,5, 5)$ , nese caso a cualificación que aparecerá no boletín será un 4.

## RECUPERACIÓN DE AVALIACIÓNS SUSPENSAS

- Ós alumnos que tiveran suspendido algunha avaliación recordaráselles que, se o desexan, poden asistir a reforzo na hora de atención a alumnos do profesor correspondente para aclarar dúbidas, solicitar (ou entregar para corrección) máis actividades ou simplemente obter consello do profesor.
- Despois da 1ª e 2ª avaliación realizarase un exame de recuperación para os alumnos **cualificados con menos dun 5 na avaliación**. Para o cálculo da **nova nota da avaliación** farase o mesmo cálculo que para a nota de avaliación (retomándose as notas de clase).
- Ós devanditos exames de recuperación tamén poderán presentarse todos aqueles alumnos que desexen subir a nota da avaliación, tendo en conta que a nota resultante (despois de aplicarlle as notas de clase) substituirá á acadada anteriormente tanto si é máis alta como máis baixa.

## CUALIFICACIÓN FINAL

Unha vez rematada a 3ª avaliación, se a cualificación en todas as avaliacións é como mínimo de 3, calcularase a nota media entre as tres **notas de avaliación**. Se o resultado é de 5 ou máis, esta será a **nota final**. En caso contrario, o alumno deberá volverse examinar (*no exame de recuperación final*) de todas aquelas avaliacións nas que teña unha **nota de avaliación** inferior a 5. Despois deste exame volverase a facer a media (obtendo un mínimo de 3 en todas as avaliacións, noutro caso a nota final non superará o 4) e esa será a nota final.

O alumnado que teña matemáticas pendentes de superar do curso ou cursos anteriores terá que seguir un plan de reforzo para superar a materia pendente.

## INCIDENCIAS NOS EXAMES

Se o profesor detecta que un alumno copiou nun exame, ben sexa por medio de "chuletas", apuntes, teléfono móbil, etc, ou ben, por outro compañeiro, este acto terá as seguintes consecuencias:

- Se é unha proba correspondente a unha avaliación, dita avaliación estará suspendida.
- Se se trata do exame de recuperación final de xuño o alumno suspenderá a materia.

San Cibrao a 15 de setembro de 2022  
O/A profesor/a

Asdo: